

Documentación para cumprimento da documentación relativa á Protección de datos de carácter persoal

As entidades estarán obrigadas ao cumprimento da normativa en materia de protección de datos de carácter persoal e en concreto, do Regulamento Xeral de Protección de Datos (RGPD). Así mesmo, os datos de carácter persoal das persoas beneficiarias atendidos incorporaranse ao ficheiro de datos de carácter persoal Xestión de Servizos Sociais, creado pola Orde do 15 de decembro de 2011.

Para tales efectos:

- O persoal das entidades/Corporacións Locais (incluído o de contratación externa) que trate cos datos de carácter persoal das participantes nas actuacións subvencionadas asinará a correspondente **cláusula de segredo profesional. Aquelas persoas que xa a teñan asinada en anos anteriores, non será necesario que a volvan asinar.** Estas cláusulas serán asinadas e enviadas pola SEDE ELECTRÓNICA, ao Servizo de Coordinación de Programas de Inclusión ou ao Servizo de atención ás persoas inmigrantes segundo corresponda, unha vez se resolva a Orde de subvención. O modelo pódese descargar no seguinte enlace:
- As persoas participantes nos servizos subvencionados asinarán a **autorización para a recollida dos seus datos** de carácter persoal que **quedarán en poder da entidade** a efectos de inspección e auditoría. O modelo de autorización está na web de Política Social, xunto ao procedemento